



MEMORIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN NACIONAL DE TRAMITADORES ADMINISTRATIVOS Y PROFESIONALES PARA A APLICACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN NOS PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora da Axencia Tributaria de Galicia, DECLARA:

Que a Axencia Tributaria de Galicia ten previsto formalizar coa Asociación Nacional de Tramitadores Administrativos y Profesionales un instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende a data da firma do convenio. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto anteriormente, as partes poderán mediante adenda acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A ATRIGA e Asociación Nacional de Tramitadores Administrativos y Profesionales utilizando as novas tecnoloxías da información, ofrecerán aos obrigados tributarios a posibilidade de levar a cabo, dende a propia oficina a que os contribuíntes voluntariamente encomenden os servizos que prestan en relación coa tramitación de procedementos de xestión tributaria, os seguintes trámites:

- Información sobre el valor de los bienes inmuebles situados en Galicia que vayan a ser objeto de adquisición o transmisión y, en su caso conforme con la normativa vigente, obtención de los acuerdos previos de valoración que sean de la competencia de la Consellería de Hacienda.
- Presentación, pago y remisión por vía telemática de las autoliquidaciones correspondientes a los siguientes impuestos:





- a) Impuesto sobre Transmisiones Patrimoniales y Actos Jurídicos Documentados (ITP-AJD)
 - b) Impuesto sobre Sucesiones y Donaciones (ISD),
 - c) Tasa Fiscal sobre el Juego realizado en bingos
 - d) Tasa Fiscal sobre el Juego realizado en casinos
 - e) Tasa Fiscal sobre el Juego realizado mediante máquinas de juego
 - f) Tasa Fiscal sobre el juego de apuestas deportivas y de competición
 - g) Impuesto sobre contaminación atmosférica (ICA),
 - h) Impuesto sobre el daño medioambiental causado por determinados usos y aprovechamientos de agua embalsada (IDMAE),
 - i) Canon eólico (CE),
 - j) Impuesto compensatorio ambiental minero (ICAM) y
 - k) Canon sobre los inmuebles declarados en estado de abandono (CIDEA)
- Presentación, pago y remisión por vía telemática de las autoliquidaciones correspondientes al Impuesto Especial sobre Determinados Medios de Transporte a partir del momento en que la Comunidad Autónoma de Galicia solicite el traspaso de los servicios a ellos adscritos.
 - Presentación, pago y remisión por vía telemática de las autoliquidaciones correspondientes a tasas, precios y otros ingresos de derecho público que autorice en su momento la ATRIGA¹.

¹ Actualmente no se puede presentar telemáticamente la autoliquidación de tasas y precios.





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

a colaboración social na xestión tributaria constitúe un instrumento previsto no artigo 92 da Lei Xeral Tributaria e conscientes do servizo ao cidadán que pode supoñer concentrar nunha única xestión todos os trámites relacionados coa iniciación dos procedementos administrativos de carácter tributario e, aproveitando as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías da información, é vontade da ATRIGA e da Asociación Nacional de Tramitadores Administrativos y Profesionales establecer un marco de colaboración apropiado que permita aos asociados, en representación dos contribuíntes que voluntariamente o soliciten, facer e/ou iniciar moitos dos trámites que actualmente están obrigados a realizar ante esta.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

A Directora da Axencia Tributaria de Galicia

Documento asinado dixitalmente á marxe

